



### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.**

Artigo 1º.- De conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes e 59 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acórdase a regulación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, con suxeición ás normas da expresada lei.

Artigo 2º.- O imposto regularase polo disposto nos artigos 92 e seguintes do referido Real Decreto Lexislativo 2/2004, e as cotas serán as que figuran no artigo 96, ou as que no sucesivo sexan modificadas pola normativa aplicable, sen o incremento previsto no número 4 do mencionado artigo.

Artigo 3º.- Os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos, gozarán dunha bonificación do 100% da cota do imposto. A devandita antigüidade será contada a partir da data da súa fabricación , ou se esta non se coñecese , tomarase como tal a da súa primeira matriculación oi , no seu defecto, a data na que o correspondente tipo oi variante se deixou de fabricar.

Artigo 4º.- Os vehículos de todo tipo (excepto remolques), en función da clase de carburante utilizado e as características do motor, segundo a súa incidencia no medio ambiente, disfrutarán dunha bonificación na cota do imposto cando reúnan calquera das condicións seguintes:

- a) Bonificación do 75% cando se trate de vehículos eléctricos.
- b) Bonificación do 75% cando se trate de vehículos que utilicen como combustible biogás, gas natural comprimido, gas licuado, metano, metanol ou hidróxeno.
- c) Bonificación do 50% cando se trate de vehículos híbridos que utilicen como combustible gasolina , con emisións ata 120 g/km de CO<sub>2</sub>.

Artigo 5º.- Para gozar das bonificacións previstas nesta ordenanza, o interesado deberá solicitar a súa concesión e cumprir cos seguintes requisitos:

1º.- Ser titular do vehículo e instar a concesión da bonificación acompañando a esta, copia do permiso de circulación e ficha técnica do vehículo.

2º.- O titular do vehículo deberá estar empadroadado no municipio de Barbadás.

A bonificación producirá efectos ao ano seguinte á solicitude.

#### Disposición final

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

---

Barbadás 5 de decembro de 2017

